

Cousas do AVE

O mércores 20 de xuño houbo Comisión de Seguimento das Obras do AVE, onde os veciños das diferentes parroquias afectadas presentaron diversos problemas, comprometéndose o equipo de goberno local a estar a disposición dos veciños para reclamar solucións ás súas demandas.

Esta semana, membros do goberno local acudirán ás distintas parroquias cun representante de Fomento para ver os problemas *in situ*, visita á que estamos convidados os grupos da oposición.

Se non hai cambios, estas son as datas:

Negros.- Martes as 16:00h.

Reboreda.- Venres as 17:00h.

A representante da Nogueira sinalou que nesa zona non teñen problemas, que atenderon xa ás súas demandas. Hai uns días, na zona de Cesantes fíxose unha visita á que **AER acudiu porque nos avisaron os veciños, non o goberno local**. Sinalar que nesa zona algunha cousa arranxaron, pero aínda queda moito por facer.

Desexamos que non quede todo en bos modais e que estas visitas sirvan para algo, xa que hai problemas moi graves tanto a nivel de particulares como a nivel das parroquias en xeral. **Casas con fisuras, expropiacións e ocupacións temporais sen pagar, camiños en mal estado, mananciais secos...**

A verdade, **estamos bastante decepcionados co resultado destas comisións**, porque dende a primeira que se fixo, denunciámos por activa e por pasiva o **incumprimento da declaración de impacto ambiental, os traballos nocturnos, os vertidos ao río, etc.** sen que ata o momento teñamos noticias de sanción algunha por parte das diferentes administracións... Bueno, Augas de Galicia algunha “multiña” puxo (3 se non nos trabucamos), pero dende que estamos nós, non houbo ningunha máis, mentres **seguiron e seguen a incumprir as normas**.



Sabiades que dende maio de 2008 os veciños de Negros puxeron numerosas denuncias polos ruídos producidos polos traballos nocturnos?

Sabiades que o 16 de maio a empresa pide permiso para poder realizar traballos nocturnos?

Sabiades que dende o 20 de maio de 2008 a empresa encargada da inspección santométrica informa que o Concello debe paralizar as obras nocturnas?

Sabiades que o concelleiro delegado de medio ambiente, o 21 de maio, visto este informe e un da policía municipal do 15 de maio, require á empresa a paralización das obras en horario nocturno mentres non aporten documentación que indique o contrario, e en caso de seguir, o Concello aplicaría as medidas legais oportunas?

Sabiades que en base ao proxecto de referencia recibido no Concello o 23/07/2008, recabado da Dirección Xeral de Ferrocarrís, **non se contemplan traballos nocturnos?**

Sabiades que atendendo a este proxecto **ONDE NON SE CONTEMPLAN TRABALLOS NOCTURNOS** e á ordenanza de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica (B.O.P. nº 188, do 30/09/2003) e dacordo coa delegación xenérica da Alcaldía do 11 xullo de 2007 (B.O.P. nº 146 do 30 de xullo) o 13 de agosto de 2008 **denégase o permiso? Denégase???**

Sabiades que na anterior comisión de seguimento, **o responsable de Fomento a dixo que descoñecía que se traballase pola noite e non ía volver pasar?**

Sabiades que a día de hoxe seguen traballando pola noite?

Sabiades que segundo a Ordenanza Municipal o incumprimento das ordes de clausura ou de paralización de actividade acordadas pola autoridade competente constitúen una **falta moi grave?**

Sabiades que as faltas moi graves poden sancionarse con multas que van dende **os 9015.19 € a 60101.21 €?**

Sabiades que nestes **4 anos** non se lles puxo **ningunha sanción?**

Agardamos que desta vez o equipo de goberno “dea a cara e colla o touro polos cornos”, tal como afirmou o alcalde na reunión cos afectados das obras no Val do Maceiras (05/06/2012).

AER quiere agradecer a colaboración dos veciños de Negros que nos facilitaron diversa información e documentación.

Redondela, a 25 de xuño de 2012.

Agrupación de Electores de Redondela